

**Acta núm. 33/2019.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 23 de decembro de 2019.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13,30 horas (con retraso) do 23 de decembro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 32/2019, DO 10.12.2019.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS.
- 3º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 5º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 32/2019, DO 10.12.2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 10.12.2019, acta núm. 32/2019.

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMÓN JOSÉ CORDIDO RÍOS, na que comunica que vai colocar carteis tipo lonetas nalgunhas farolas da estrada AC-543, dende a saída de Bertamiráns ata o cruce dos Ánxeles, a 2 metros de altura aproximadamente, durante o mes de decembro e primeira quincena de xaneiro. A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar a instalación de carteis, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:
- Os carteis deberán retirarse antes do día 18 de xaneiro.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Jaime Novoa Míguez, que di actuar en representación de MIGUEL TORRES VEREDA, na que comunica que vai acondicionar unha nave industrial para almacén, en Buio nº1, – Os Ánxeles, segundo memoria redactada polo arquitecto Jaime Novoa Míguez.

O acondicionamento pretendido é para manter o uso preexistente, industrial, categoría 3º, que contaba con licenza para taller de confección de roupa concedida pola Comisión de Goberno en sesión celebrada o día 7 de outubro de 2003, a nome de Sara Choren Gómez.

Actualmente atópase en situación de non compatible plenamente co planeamento e segundo o artigo 90 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, sobre ela poden realizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Unha vez rematadas as obras de acondicionamento do local, con carácter previo ao inicio da actividade, deberá presentar a oportuna comunicación previa de actividade, de acordo co establecido ao respecto pola Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, acompañando a seguinte documentación:
 1. Documento acreditativo do final de obra asinado polo redactor do proxecto de acondicionamento.
 2. Informe favorable da empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga potable e saneamento (Espina & Delfin).
 3. Certificado de solidez da edificación.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 257,22 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 321,79 euros.

3º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ PÉREZ CASTIÑEIRA, na que solicita licenza de primeira ocupación da vivenda sita na Avd. dos Ánxeles 34-A, que conta con licenza para a construción concedida pola Comisión de Goberno o 21.03.2003.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Jose Luis Estévez Suárez o 05.12.2005, e a documentación do final de obra presentada, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA JOSÉ SÁNCHEZ PEREIRA, na que solicita licenza para obras de reforzo dun forxado de planta nunha vivenda sita no lugar de Gronzo nº 9, Brión, segundo proxecto técnico redactado polo arquitecto Jesús Pena Noya, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05.09.2019 (n.r.e.: 1902090).

A vivenda (referencia catastral 4853501NH2445S0001QU) emprázase dentro do ámbito do solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2), séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Consellería de Cultura e Turismo do 09.12.2019 (expte 2921/19) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto técnico redactado polo arquitecto Jesús Pena Noya, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05.09.2019 (n.r.e.: 1902090).

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, a data de expedición da licenza e prazo de execución.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 487,79 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 583,82 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por RAMÓN PENIDE BEIS, na que solicita licenza para a construción dunha nave destinada a oficinas e almacén de madeiras e derivados, no lugar de Chave de Ponte – Bastavales, en solo rústico, segundo proxecto técnico e anexo redactado polo enxeñeiro técnico industrial Francisco Ansedes Domínguez, visado nº 1898/19-ST, do 17.10.2019 e 26.11.2019, polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos industriais.

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral nº15013B503011610000MR), está situada en solo clasificado polo PXOM como rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o disposto na Lei 2/2016, do solo de Galicia, en base a súa disposición transitoria primeira.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, e do informe favorable en canto ao uso da Consellería do Medio Rural, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O interesado fará constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie da totalidade das parcelas catastrais á construción e ao uso autorizado, segundo o artigo 39.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

- O movemento de terras que se realice na parcela por necesidades da implantación da edificación non poderá alterar considerablemente a topografía natural do terreo.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para o inicio da actividade, segundo a Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e normativa de desenvolvemento.

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto técnico e anexo, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Francisco Ansedes Domínguez, visado nº 1898/19-ST, do 17.10.2019 e 26.11.2019, polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos industriais, en base ao cal se lle outorga a licenza.

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de

valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- 2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 856,67 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 1.216,73 euros.
Total: 2.073,40 euros.

5º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA TERESA RIAL GONZÁLEZ de solicitude de modificación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 30.10.2018, para construír unha vivenda unifamiliar e unha edificación auxiliar en Brans de Abaixo 34, Brión, segundo o proxecto básico e de execución que presenta redactado polo arquitecto Oscar Real Villapalos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.11.2019 (n.r.e.: 1801462).

A modificación pretendida non modifica a implantación da edificación no terreo, e reduce a edificabilidade e a ocupación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

- 2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 64,57 euros.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,40 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González